

O NOSO SON

PODCAST O NOSO SON

“O noso son” é un produto radiofónico en galego, que pretende, a través da mirada inocente do alumnado de educación infantil, facer unha exaltación do folclore, demostrando que a música galega e a tradición seguen vivas en cada xeración; onde a pandeireta como instrumento non só se escoita, senón que se sente. Amosa a importancia deste instrumento e das cantigas populares a través da tradición oral, pois transmítense de xeración en xeración, e a participación das crianzas fan que coñezan activamente o legado cultural musical a través das manifestacións artísticas de grupos actuais e locais que demostran que a nosa cultura segue viva e en constante evolución.

Modalidade I
Educación Infantil
CEIP O Castiñeiro



CONCURSO
DE PODCASTS
RADIO NA BIBLIO

EXPERIENCIA E CREACIÓN



O contexto desta actividade sitúase nun aula de educación infantil mixta (tres nenas de 4º de E.I, catro nenos de 5º de E.I e unha nena de 6º de E.I) dun pequeno CEIP rural de Laza. Dentro da aula aparece unha pandeireta, obxecto tradicional que alumnado recoñecen enseguida e capta a súa atención xerando conversacións arredor de: que é, para que serve, como soa, como se toca, quen sabe tocala, quen...


Tendo a motivación axeitada as intervencións das mestras é esencial para facer reflexionar aos nenos e nenas da riqueza da cultura galega e das tradicións. Desta forma xorde a proposta de crear un podcast para dar a coñecer este instrumento e o grupo local “As Silveras do Támega” do cal algunhas nais dos nenos e nenas da aula son integrantes.

A partir deste contexto traballamos diferentes actividades. Actividades iniciais:

- Búsqueda de información nas bibliotecas de aula e corredor sobre a pandeireta e folclore popular galego.
- Introdución ó alumnado a tocar a pandeireta.
- Escoita activa e vivenciada de cancións populares galegas.
- Faladoiros onde se reflexiona sobre a pandeireta, as tradicións populares, as cantareiras, a música e o folclore.
- Pescudas na rede de grupos actuais galegos.
- Escribir unha carta de invitación as “Silveras do Támega” para que veñan ao centro a falarnos da súa traxectoria.
- Debuxo do son da pandeireta.

Unha vez iniciado este proxecto seguimos con actividades de desenvolvemento:

- Visitamos a radio do cole diariamente para coñecer mellor o espazo e os seus elementos como a mesa de misturas, os micros, os altosfalantes...
- Xogamos a gravarnos, a escoitarnos, mantemos conversas a través dos micros, aprendendo as quendas de actuación e manter unha actitude tranquila.
- Observamos como se pode arranxar ou gravar a través de Audacity, por o son mais lento, máis rápido, cortar partes, introducir a música, eliminar ruído.
- Unha vez familiarizados gravamos o podcast.



Como actividades finais destacamos:

- Por parte das mestras editar o podcast e gardalo en mp3.
- A entrega deste podcast e a documentación ó concurso.
- Compartir o podcats no noso blogue de biblioteca, no apartado radiofachón.
- A presentación oficial no cole para o profesorado e os demais alumnos e alumnas.
- A reprodución deste na inauguración que fagamos da nosa reformada biblioteca.

UN POUCO MÁIS DESTE PODCAST

Orixinalidade

Sendo coñecedores que a homenaxe ao Día das Letras Galegas para o ano 2025 é en prol das cantareiras e da poesía popular e oral, a idea de crear este podcast nace de dar visibilidade e continuidade ao noso folclore popular galego, con especial importancia a nosa contorna máis próxima, xa que na nosa vila temos unha agrupación de pandereteiras, "As Silverias do Támega".

Competencia informacional e mediática

Destacar que a competencia informacional neste proxecto está presente na búsqueda de información relacionada coa pandeiretas, a música galega e cantigas populares a través de libros, recursos en liña e as persoas da vila con coñecemento no folclore. Seleccionaremos as fontes máis fiables e finalmente organizaremos as nosas pescudas para darlle vida a este podcast a través dun faladorio con introdución, nó e desenlace.

A competencia mediática farase a través dunha reflexión do alcance que poida ter o noso podcats, que será publicado no noso blogue da biblioteca do centro "Biblioteca Fachón" dentro do apartado a nosa radio dende a canle soundcloud, actividades que nos dará paso a falar dos diferentes medios de comunicación e a función social.

Biblioteca como recurso

A nosa biblioteca actualmente está nunha remodelación integral do seu espazo e catálogo, mais o acceso a información segue estando presente a través das bibliotecas de aulas e de corredor, onde se atopan diferentes exemplares e materiais accesibles e clasificados, para colocalos no novo espazo.

Esta remodelación non supón un obstáculo para a procura da información pois atopamos libros de consulta e narrativos sobre o folclore e a tradición como diferentes libros musicais, bibliografías, cds. Tamén as diferentes ferramentas tecnolóxicas como tablets, ordenador e pantallas axúdannos a pescudar e escoitar máis sobre a nosa tradición.

Contribución ao currículo

A realización deste produto radiofónico para o concurso parte dun enfoque globalizado que pon en xogo a contribución e desenvolvemento do currículo e adquisición das competencias clave.

Ten especial relevancia a primeira área de comunicación e representación da realidade, xa que promove a expresión oral en galego e a expresión de ideas e experiencias a través da linguaxe oral, tamén porque fomenta o emprego da radio como ferramenta de comunicación, instrumento que nos facilita a comunicación da tradición. En canto a área de Crecemento en Harmonía promove un equilibrio emocional e social a través do traballo en equipo, a música e a oralidade. A terceira área de Descubrimento e Exploración da contorna entra en xogo nesta experiencia porque impulsa a curiosidade dos alumnado a explorar sobre o mundo que nos rodea conectando coa súa realidade inmediata dun xeito natural que activa a reflexión e participación no folclore popular.

Todo isto porá en xogo a adquisición das competencias clave dado que a gravación dun podcast mellora a fluidez oral e a expresión da lingua galega (Competencia en Comunicación Lingüística), implica o uso do estudio de son favorecendo o uso responsable das TIC (Competencia Dixital), reflicte a musicalidade e cultura galega a través da oralidade (Competencia en conciencia e Expresión Cultural) e promove o traballo cooperativo, escoita activa e expresión libre (Competencia persoal, social e de aprende a aprender).

En definitiva, participar no concurso e a creación deste faladoiro promove a finalidade da educación dende un carácter lúdico e enriquecedor.

Participación

Para realizar este podcast foi esencial a implicación do alumnado de educación infantil e dúas alumnas de segundo de primaria, xa que son os protagonistas que lle poñen voz a este faladoiro. Tamén é importante mencionar as titoras do grupo clase da aula mixta que lle deron forma ás diferentes ideas do alumnado para facer a escaleta, a coordinación cos outros mestres do cole para o uso da radio e como traballar con ela. Pero sobre todo a colaboración das familias, especialmente as nais de diferentes nenos e nenas do centro que pertencen o grupo "As Silverias do Támega".

Relación cos programas do centro

A propostas da participación neste concurso nace dende o Equipo da Biblioteca en colaboración do Equipo da Dinamización da Lingua galega levada ó claustro, pero os diferentes proxectos e programas do centro non quedan alleos á creación deste podcast, fandendo deste produto elemento integrador e multinivel.

Vinculase por un lado co “Programa de impulso de centros referentes na modalidades de proxectos Innova-lab” concretamente na modalidade Leo-Lab no que participamos, porque o emprego da radio é un recurso TIC que fomenta a alfabetización múltiple e o desenvolvemento do pensamento crítico. Tamén destacamos a promoción do benestar emocional dos “Programas para o impulso de centros de referentes na modalidades de proxectos de inclusión educativa (PIE), xa que a creación deste podcast ten como base unha metodoloxía activa que fomenta a cooperación e a inclusión de todo o alumnado coa finalidade de crear un produto final común onde participamos todos e todas e que será escoitado por toda a comunidade educativa.

A creación deste podcast xera tamén novas actividades que serán incluídas dentro do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares onde celebraremos a Semana das Letras Galegas con diferentes talleres en prol do folclore impartidos por artistas galegos actuais como Mondra ou as nosas “Silveiras do Támega”.



GUIÓN OU ESCALETA

O NOSO SON		
TEMPO	AUDIO	TEXTO
00:03	Son Chovendo	-Aii non para de chover! que podemos facer?
00:09-03:41	Música instrumental de fondo	-Mmm non sei, e se imos saltar charcos! Iso encántanos. -Xa, non estaría mal...Tamén podemos xogar cos animais, trepar árbores ou ler un conto. - A verdade e que nos gustan moitas cousas!A que non sabes algo que tamén me gusta moito? -O que? -Tocar a pandeireta. O seu son é especial. Vos sabedes como soa? -Sabemos como soa...soa pum pum!! -Ademais vivimos en Laza e sempre escoitamos as Silveiras do Támega. -Ai....cabeciña, cabeciña como non imos saber!! -Non home non, non me refiro a como soa sen máis, se non a como soa de verdade... -E-lo como soa de verdade unha pandeireta? -Pois unha pandeireta soa..., soa.. como un latido moi forte que retumba en toda Galicia. Como os nosos ríos que corren sen parar. É como o canto das follas un día de outono. Soa como o ouvear dun lobo, forte e poderoso "Auuuu". Soa como....

TEMPO	AUDIO	TEXTO
00:09-03:41	Música instrumental de fondo	-Xa sei!, soa como o vento que se escoita entre os carballos do monte. - Ou como os pasos dos peregrinos que van polo Camiño de Santiago. - Soa...coma un segredo antigo que pasa de boca en boca, dende Laza ata o último recuncho do mundo. - Tamén Soa...como as voces das nosas avoas contándonos historias arredor do lume. Ou como un agarimo que nos fai mamá. - Tamén o repique da pandeireta é como unha lenda cantada polas mulleres. - E como non...soa como as chocas dos peliqueiros un domingo de estrea. - Ou como o eco das nosas montañas, onde cada nota é un recordo da nosa historia. -Vedes como é o son da pandeireta?nNon credes que é máximo ? -Vaia se o é. - E canto transmite...por iso as mulleres xa usaban este instrumento dende hai moitos anos para facer música, poesía e historia.

VII CONCURSO DE PODCASTS - RADIO NA BIBLIO - MARZO 2025 - CEIP O CASTIÑEIRO

TEMPO	AUDIO	TEXTO
00:09-03:41	Música instrumental de fondo	- E aínda se segue tocando hoxe porque é un canto que nunca se detén e cada xeracións leva as notas a seguinte creando unha cultura resistente, viva e orgullosa que nunca esquece o seu pasado e segue tocando cara o futuro. -Ai! xa sei que podemos facer neste día de choiva!Mamá...onde está a miña pandeireta?? que queremos tocar un pouco!!
03:42		Canción de pandeireta.